

O mapa toponímico do concello de Sarria recolle máis de 8.800 nomes

Será exposto nas distintas parroquias para que os veciños aporten suxerencias

DELEGACIÓN ■ SARRIA

■ Máis de 8.800 nomes compoñen o mapa toponímico do concello de Sarria, que foi presentado onte na casa da cultura, onde se expón ó público.

O documento enmárcase dentro do Proxecto Toponimia de Galicia, nado no ano 2000, e conta co apoio das consellerías de Presidencia e Medio Rural, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e o Concello de Sarria, que o dará a coñecer nas parroquias coincidindo coa información do PXOM para que os veciños aporten suxerencias, dixo o alcalde, Claudio Garrido.

Trátase, en palabras do coordinador do traballo de campo, Óscar Castro, de perfilar un "tesouro cultural" para as novas xeracións que constitúe "un espello do pasado e do presente dos sarriaos". O mapa, elaborado coa aportación veciñal e do cronista oficial, reflicte o gran peso no concello dos labores agrícolas con nomes alusivos ós traballos (Trigás), uso do terreo (Campaza ou Agro), morfoloxía (Gandarón) e cor ou tamaño (Lama longa, Leira verde).

Tamén se recollen en Sarria referencias a nomes propios de orixe latina (Chorente, Pape) ou xermánica (Goimil, Arxemil), así como alusións ó posuidor da terra (Leira do ferreiro, Prado do castellano), ó mundo eclesiástico (Corga da misa, Fonte dos frades) ou a lendas (Pena da moura). A flora, a fauna e a auga dan orixe a outros moitos topónimos (Campa da lebre, Rego de cervos, Nespereira ou A Xesteira) xunto co Camiño de Santiago (San Mamede do Camiño ou Fonte dos peregrinos).

Segundo Óscar Castro, moitos topónimos refírense ás corgas, unha denominación que en Sarria se emprega para designar os camiños estreitos polos que pasan os carros. "Por desgraza,



Veciños de Sarria consultan na casa da cultura os mapas que recollen a toponimia do municipio

DITO QUEDA

Emilio López: "Se a un rapaz lle podes chamar Xoán, ¿para que te complicas a vida con Jonathan?"

está desaparecendo este uso e só o utilizan os maiores", sinalou.

É un dos riscos que corre a toponimia, xunta co despoboamento do medio rural e as concentracións parcelarias, causa da perda de topónimos. Así o explicou durante a presentación o director do proxecto Toponimia de Galicia, Xermán García, quen lamentou as "auténticas aberracións que se cometeron durante moitos anos, como tra-

Xermán García: "Cos nomes houbo aberracións como cambiar Xesteira por Retamal"

ducir Xesteira por Retamal".

O delegado de Medio Rural, Emilio López, incidiu tamén na "riqueza" da microtoponimia e instou á súa defensa mediante un símil cos nomes propios. "Se a un rapaz lle podes chamar Xoán, ¿para que te complicas a vida poñéndolle Jonathan?"


A presentación contou, ademais, coa presenza da directora xeral de Administración Local, Begoña Rodríguez, quen ani-

Begoña Rodríguez: "Os veciños son os que transmiten este saber popular para poder capturalo"

mou á participación nesta iniciativa xa que "a toponimia é tradición oral e son os veciños os que transmiten este saber popular para capturalo no tempo".

O proxecto usa unha novidade tecnolóxica que permite visualizar a toponimia en fotos aéreas e pronto estará en internet, cun localizador que permitirá descubrir outros datos, como a existencia en Sarria de 80 edificios relixiosos ou de 73 muíños.

[ÓSCAR CASTRO]



Óscar Castro Castedo

"Chamoume moito a atención o nome de Monte de Macaque"

—¿Como se fixo o proceso de elaboración deste mapa?

—O traballo de campo comezou a finais do ano 2000 e rematou en agosto do 2002. Durante eses meses, fixéronse 210 enquisas, cada unha con varios informantes, cunha media de idade duns 65 anos e maioritariamente homes. En toda Galicia, lévase a cabo este proxecto en máis de cen concellos e Sarria foi o primeiro da provincia en ter o traballo de campo rematado.

—¿Rexistrou no concello de Sarria algún topónimo que lle chamase especialmente a atención?

—O máis curioso para min é o Monte de Macaque, que está situado entre Belante, Ortó e Biville. A orixe deste nome descoñécese, e seguramente sexa unha cacofonía. Tamén é chamativo Peruscallo, que se utiliza para denominar un camiño con lousas.

—En casos coma Corvelle e Valmao, ¿cal sería a ortografía correcta?

—Os dous topónimos sarriaos escríbense con uve. Á hora de rotular as entidades de poboación, os Concellos deberían ter en conta o nomenclátor de Galicia para resolver as posibles dúbidas.